



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la exclusión de Lugo de la mejora de servicios ferroviarios anunciados por Renfe.**

En el contexto actual de lucha contra el cambio climático y de descarbonización de la sociedad, especialmente en el transporte, es necesario poner fin al déficit que sufre Galicia en servicios e infraestructuras ferroviarias, como es el caso de Lugo. Una ciudad que necesita un impulso decisivo para lograr la modernización ferroviaria.

Para reducir este desfase histórico en materia de infraestructuras, el BNG incluyó en el Acuerdo de Inversión el compromiso de realizar el Estudio para facilitar la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago, facilitando así la interconexión entre ciudades gallegas o la modernización de la línea entre Lugo y Ourense.

Sin embargo, el reciente anuncio de Renfe, en el que reordena las conexiones ferroviarias entre Galicia y Madrid para, según ha hecho público, incorporar más trenes, plazas y conseguir una reducción en los tiempos de viaje, no tiene en consideración las necesidades de la ciudad de Lugo.

De momento, a primera hora de la mañana estará disponible un servicio de tren entre las principales ciudades gallegas, pero no desde Lugo. Vigo contará con un servicio de un tren de la serie 106 a las 6:00 horas que llegará a Madrid a las 9:50 horas, reduciendo el tiempo de viaje a 3 horas y 50 minutos; A Coruña contará con un servicio directo de Avlo S105 a las 5:14 de la mañana con llegada a las 9:00 horas y aumentará de tres a cinco servicios directos de Avlo sin conexiones; Ourense contará con once frecuencias y, asimismo, Santiago contará con cuatro trenes de Ave y tres de Avlo.

Este plan no prevé ninguna mejora para Lugo, que continuará con el destaralado servicio Intercity de las 8:55 horas con llegada a Madrid a las 13:38 horas, y con el Alvia de las 11:20 horas con llegada por la tarde, a las 16:07 horas, horarios que no facilitan la realización de trámites y el regreso durante el día.



La entrada en funcionamiento de los trenes Avril que tanto ha promocionado Renfe no tendrá, por tanto, impacto en Lugo. El Gobierno esgrime como argumento que las obras de la línea Ourense-Monforte-Lugo aún no han finalizado y que se prevé que se prolonguen todo 2025 e incluso gran parte de 2026, cuando la previsión inicial era que la obra finalizara en 2023. El tráfico ferroviario se recuperó el pasado mes de diciembre entre Ourense y Monforte, pero entre Monforte y Lugo continúan los trabajos de instalación de la catenaria. Es necesario agilizar al máximo estas actuaciones y dar a conocer los planes de Renfe para reforzar las conexiones y, si está previsto, que Lugo pueda contar con los servicios del tren Avril. En cualquier caso, en el momento actual se deben realizar esfuerzos para reforzar los enlaces que permitan conectar con los trenes de madrugada que salen de Ourense, avanzar los actuales Alvia e incluir más servicios.

Lugo no puede seguir relegado a las mejoras en el transporte ferroviario que, en estos momentos, anuncian la disponibilidad de más trenes y más plazas.

**Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Cuáles son las razones que han llevado al Ministerio de Transportes y a Renfe a seguir profundizando en la exclusión de Lugo del transporte ferroviario al no prever ningún refuerzo de la ciudad en los anunciados nuevos servicios, frecuencias y plazas con la puesta en marcha de más trenes Avril?
2. ¿Será conveniente ofrecer, como mínimo y hasta que finalicen las obras de modernización de la línea Lugo-Monforte-Ourense, un refuerzo en las conexiones con los trenes que salen de Ourense, especialmente para los más madrugadores?
3. ¿Se centrará en mejorar los limitados servicios actuales de conexión con la meseta que tiene Lugo, consistentes en un Intercity a las 8:55 horas con llegada a las 13:38 horas a Madrid y en un Alvia a media mañana, a partir de las 11:20 horas llegando a las 16:07 en Madrid?
4. ¿Habilitará Renfe conexiones ferroviarias a primera hora de la mañana desde Ourense o un nuevo servicio de Alvia a primera hora de la mañana?



5. ¿Cuándo finalizarán las obras de la línea Monforte – Lugo?

6. ¿Una vez finalizada la mejora completa de la línea Ourense-Monforte-Lugo, contará Lugo con servicios del tren Avril? ¿Será posible seguir avanzando en la modernización ferroviaria de la ciudad?

7. ¿Adoptará el Ministerio medidas para que Lugo se beneficie de más servicios ferroviarios en este momento, con fórmulas alternativas que lo hagan posible mientras duren las obras de la conexión Ourense-Monforte-Lugo?

8. ¿Qué previsiones de más servicios tiene el Gobierno una vez finalizadas las obras de modernización?

Madrid, a 21 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

21 MAY. 2025 15:26:59

Entrada **69322**

## Sobre a exclusión de Lugo no plan de mellora das conexións ferroviarias anunciado por RENFE

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á exclusión de Lugo na mellora dos servizos ferroviarios anunciados por Renfe.**

No actual contexto de loita contra o cambio climático e descarbonización da sociedade, especialmente no transporte, é preciso pór fin ao déficit que padece a Galiza en servizos e infraestruturas ferroviarias, como é o caso de Lugo. Unha cidade que precisa dun impulso decidido para lograr a modernización ferroviaria.

Para diminuír esa fenda histórica en materia de infraestruturas o BNG incluíu no Acordo de Investidura o compromiso de realizar o Estudo para facilitar a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago, para facilitar así a interconexión entre as cidades galegas ou a modernización da liña entre Lugo e Ourense.

Porén, o recente anuncio de Renfe, en que reordena as conexións de tren entre a Galiza e Madrid para, segundo fixo público, incorporar máis trens, prazas e lograr a redución dos tempos de viaxe, non ten en consideración as necesidades da cidade de Lugo.

Así as cousas, estará dispoñíbel un servizo ferroviario na primeira hora da mañá entre as principais cidades galegas, mais non desde Lugo. Vigo terá un servizo dun tren da serie 106 ás 6:00h que chegará a Madrid ás 9:50h, reducindo o tempo de viaxe a 3 horas e 50 minutos; A Coruña contará cun servizo directo de Avlo S105 ás 5:14 da mañá con chegada ás 9h e aumentará de tres a cinco os Avlo directos sen enlaces; Ourense terá once frecuencias e, así mesmo, Santiago contará con catro Ave e tres Avlo.



Neste plan non se prevé mellora ningunha para Lugo que continuará co raquítico servizo de Intercity das 8:55h con chegada a Madrid ás 13:38, e co Alvia das 11:20h que chega xa pola tarde, ás 16:07h, horarios que non facilitan a realización de xestións e a volta no día.

A entrada en funcionamento dos trens Avril que tanto promocionou Renfe, non repercutirá, por tanto, en Lugo. Desde o Goberno utilízase como argumento que aínda non se remataron as obras na liña Ourense-Monforte-Lugo e que se prevé podan durar todo este ano 2025 e mesmo grande parte de 2026, cando a previsión inicial era que a obra estivese rematada en 2023. Unicamente se recuperou a circulación de trens en decembro pasado entre Ourense e Monforte mais as actuacións entre Monforte e Lugo continúan para instalar a catenaria. É preciso axilizar o máximo posíbel estas actuacións e dar xa a coñecer os plans de Renfe para o reforzamento das conexións e se ten previsto que Lugo poda contar con servizos de trens Avril. En todo caso, xa no momento actual debería apostarse por un reforzamento dos enlaces que permitan conectar cos trens madrugadores con saída desde Ourense, adiantar o Alvia actual e incluír máis servizos.

Lugo non pode seguir quedando relegada das melloras no transporte ferroviario que, neste momento están anunciando a dispoñibilidade de máis trens e máis prazas.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Cales son as razóns que levaron ao Ministerio de Transportes e a Renfe a seguir afondando na exclusión de Lugo no transporte ferroviario ao non prever ningún reforzamento da cidade nos anunciados novos servizos, frecuencias e prazas coa entrada en funcionamento de máis trens Avril?
2. Rectificará para ofertar, no mínimo e até que non rematen as obras de modernización da liña Lugo-Monforte-Ourense, un reforzamento nas conexións cos trens con saída desde Ourense especialmente os madrugadores?



3. Apostará por mellorar os actuais limitados servizos de conexión coa meseta que ten Lugo, consistente nun Intercity ás 8:55h con chegada ás 13:38h a Madrid e nun Alvia de media mañá, das 11:20h con chegada ás 16:07 a Madrid?
4. Habilitará Renfe enlaces a trens madrugadores de Ourense ou un novo servizo de Alvia madrugador?
5. Cando van terminar as actuacións na liña entre Monforte - Lugo?
6. Unha vez que finalice a mellora íntegra da liña Ourense-Monforte-Lugo, vai contar Lugo con servizos de trens Avril? Será posíbel que se siga avanzando na modernización ferroviaria da cidade?
7. Adoptará o Ministerio medidas para que Lugo se beneficie de máis servizos ferroviarios neste momento, coas fórmulas alternativas que o posibiliten mentres duran as obras na conexión Ourense-Monforte-Lugo?
8. Que previsións de máis servizos ten o Goberno unha vez que acaben as obras de modernización?

Madrid, a 21 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**